TERCEIRO: Modificar o Anexo de Investimentos correspondente, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o proxecto de gasto indicado do seguinte xeito:

| PROXECTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| 2025-2-PREST-1 “PLAN ASFALTADOS” | 1530-61900 | 214.641,65 € |
| | 1530-75100 | 335.358,35 € |
| | | 550.000,00 |

CUARTO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.
Dada a urxencia que reviste a actuación, farase uso da excepción prevista na base nº 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.
QUINTO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente 03/C/2026, de crédito extraordinario e de cambio de finalidade 3/CF/2026, para dotar de crédito o convenio de colaboración con Augas de Galicia para a reparación do pavimento deteriorado pola execución das obras dos tanques de torrmenta.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:
VOTACIÓN.- Vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), PP (9) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)
ACÓRDASE Por maioría:
PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente Nº 03/CE/2026 de modificación de crédito mediante crédito extraordinario, financiado con baixa na aplicación 1530-61900 procedente do proxecto 2025-2-PREST-1 "PLAN ASFALTADOS" e por importe de 335.358,35 € para atender a achega municipal do Convenio indicado.
SEGUNDO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son a baixa de créditos de gastos da aplicación 1530-61900 do orzamento vixente correspondentes ao Proxecto de gasto 2025-2-PREST-1 "PLAN ASFALTADOS" é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertada e ingresada no exercicio 2025.
TERCEIRO: Modificar o Anexo de Investimentos correspondente, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o proxecto de gasto indicado do seguinte xeito:

| PROXECTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| 2025-2-PREST-1 "PLAN ASFALTADOS" | 1530-61900 | 214.641,65 € |
| | 1530-75100 | 335.358,35 € |
| | | 550.000,00 |

CUARTO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.
Dada a urxencia que reviste a actuación, farase uso da excepción prevista na base nº 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.
QUINTO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=4
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**5.- DETERMINACIÓN, SE PROCEDE, DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2027.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o día 27 de xullo de 2026, do seguinte teor literal:

Dáse conta do escrito do Departamento Territorial de Pontevedra, Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, solicitando a remisión da proposta de festas locais para o ano 2027 aprobada polo Pleno do Concello.
Proponse as seguintes datas para as festas locais para o ano 2027:
- Día 22 de maio, festividade de Santa Rita.
- Día 16 de agosto, festividade de San Roque.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e PP, informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais de BNG, e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia infórmase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2027, para os días 22 de maio (Festividade de Santa Rita) e 16 de agosto (Festividade de San Roque).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concellerios/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Determinar as seguintes datas para as festas locais para o ano 2027:

- Día 22 de maio, festividade de Santa Rita.
- Día 16 de agosto, festividade de San Roque.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=5
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ALCALDÍA, PARA A DENOMINACIÓN DO PARQUE DO PIÑEIRIÑO COMO "PARQUE AS CACHAROLAS".-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servicios Socialis e Igualdade en sesión celebrada o día 27 de xullo de 2026, do seguinte teor literal:

Dase conta da proposta de Alcaldía do seguinte teor:
PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA A DENOMINACIÓN DO PARQUE DO PIÑEIRIÑO COMO "PARQUE AS CACHAROLAS"
O goberno municipal recibiu a petición da Asociación Veciñal Breogán do Piñeiriño na que se propón denominar oficialmente o parque situado no barrio do Piñeiriño, entre as rúas Camilo José Cela, do Parque e Fontecarmoa, como "Parque As Cacharolas", en recoñecemento a unha parte esencial da memoria colectiva do barrio e, de maneira moi especial, como homenaxe a Carmen Búa Franco, "A Cacharola", referente veciñal cuxa dedicación e compromiso contribuíron de forma decisiva na xeración de sentimento comunidade, a través da celebración do San Xoán na que liderou moitos anos a súa organización.
A finais da década dos anos oitenta, Carmen Búa Franco, xunto coa súa filla e cun amplo grupo de veciños e veciñas, impulsou a recuperación e consolidación da celebración do San Xoán do Piñeiriño, unha iniciativa que, co paso do tempo, se converteu nunha das festas populares con máis arraigo da cidade e da comarca. O seu espírito de colaboración e a súa permanente implicación na vida do barrio contribuíron a fortalecer a identidade colectiva do Piñeiriño, converténdoa nun exemplo de compromiso veciñal.
Coincidindo coa homenaxe pública que a Asociación Veciñal rendeu a Carmen Búa Franco o pasado 24 de maio, con motivo do seu centenario, a Asociación Veciñal do Piñeiriño propuxo a nova denominación do espazo público, antes descrito, como "Parque As Cacharolas". Este

recoñecemento simboliza tamén toda unha xeración de veciños e veciñas que, de maneira altruísta, dedicaron o seu esforzo a construír un barrio máis unido, participativo e solidario. Ademais, neste acto, as forzas políticas presentes manifestaron públicamente o seu apoio á iniciativa veciñal, contando, en consecuencia, cun amplo respaldo oficioso da Corporación que é preciso oficializar.
A presente proposta responde ao principio de preservación da memoria colectiva e o recoñecemento institucional, poñendo en valor a contribución de quen, desde o movemento veciñal, desempeñou unha boa labor en prol da cohesión social e do fortalecemento do tecido asociativo do Piñeiriño.
Ademais, tendo en conta o establecido no Regulamento de protocolo e cerimonial do Execelentísimo Concello de Vilagarcía de Arousa, no artigo VII, establécese que "poderá outorgarse a rúas e prazas, o nome de persoas e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, ben sexan por servizos e actividades especiais realizadas a favor da cidade de Vilagarcía de Arousa ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico ,cultural, artístico, deportivo, social, etc". Porén, en virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación do Concello de Vilagarcía de Arousa adoptar os seguintes acordos:
Primeiro. Aprobar a denominación oficial do parque situado no barrio do Piñeiriño, entre as rúas Camilo José Cela, do Parque e Fontecarmoa, como "Parque As Cacharolas".
Segundo. Expoñer ao público o expediente por prazo de 20 días naturais, a contar dende a inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa; durante o que os interesados poderán presentar as alegacións ou suxestións que consideren oportunas. Transcorrido dito prazo sen presentar alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo.
Terceiro. Notificar á Asociación Veciñal Breogán do Piñeiriño e a Carmen Búa Franco o presente acordo.
Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.
As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta de Alcaldía, para a denominación do parque do Piñeiriño como "Parque as Cacharolas".

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:
VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concellerios/as presentes no Pleno (21 de 21)
ACÓRDASE:
Primeiro. Aprobar a denominación oficial do parque situado no barrio do Piñeiriño, entre as rúas Camilo José Cela, do Parque e Fontecarmoa, como "Parque As Cacharolas".
Segundo. Expoñer ao público o expediente por prazo de 20 días naturais, a contar dende a inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa; durante o que os interesados poderán presentar as alegacións ou suxestións que consideren oportunas. Transcorrido dito prazo sen presentar alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo.
Terceiro. Notificar á Asociación Veciñal Breogán do Piñeiriño e a Carmen Búa Franco o presente acordo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=6
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

- Polo Sr. Alcalde indícase que se procede ao debate conxunto das mocións que figuran cos números 8, 9, 10 e 11 da orde do día, procedendo á súa votación por separado.

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA QUE A AMBULANCIA MEDICALIZADA ESTÉ TODO O ANO NO HOSPITAL DO SALNÉS E REFORZAR OS CONCELLOS DE SANXENXO E O GROVE CON OUTRA AMBULANCIA MEDICALIZADA NOS MESES DE VERÁN.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servicios Socialis e Igualdade en sesión celebrada o día 27 de xullo de 2026, do seguinte teor literal:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 09 de xullo de 2026, do seguinte teor:
MOCIÓN PARA QUE A AMBULANCIA MEDICALIZADA ESTÉ TODO O ANO NO HOSPITAL DO SALNÉS E REFORZAR OS CONCELLOS DE SANXENXO E O GROVE CON OUTRA AMBULANCIA MEDICALIZADA NOS MESES DE VERÁN
O BNG leva anos denunciando que a decisión do Partido Popular na Xunta de Galiza de sacar a ambulancia de soporte vital avanzado, ASVA, da súa base no Hospital do Salnés e trasladala para Sanxenxo durante os meses do verán é unha irresponsabilidade e que con esta decisión pon en risco a saúde e a vida da veciñanza da comarca do Salnés.
A comarca do Salnés ten unha poboación de máis de 100 mil habitantes, que se multiplica no verán polas miles de persoas que nos visitan. Ten unha importante actividade económica vinculada ao mar, comercio, agro e industrial, polo tanto alto risco de sinistralidade.
A decisión do traslado deixa na práctica sen ambulancia medicalizada unha parte moi importante da comarca, a empezar por un concello de case 40 mil persoas como é Vilagarcía, 10 mil de Caldas, 3 mil de Catoira, 10 mil de Vilanova, 5 mil da Illa de Arousa, 14 mil de Cambados... é unha temeridade, unha irresponsabilidade, non ten ningunha xustificación sanitaria, é unha decisión por criterios soamente políticos, prima os intereses da alcaldía do PP en Sanxenxo fronte ao da maioría da poboación.
A isto hai que engadir que á ambulancia medicalizada que ten a súa base no hospital do Salnés, o 061 estalle asignando maioritariamente os traslados de doentes ingresados no hospital do Salnés a outros hospitais, aínda que o traslado non sexa urxente e as persoas a trasladar non estean en situación crítica ou de risco.
Unha auténtica irresponsabilidade, xa que mentres realizan eses traslados de doentes non críticos, a ambulancia medicalizada non está dispoñíbel para atender as urxencias que xurdan na comarca.
Son xa moitas as ocasión en que se puxo en evidencia as consecuencias de que a ambulancia medicalizada non estea no hospital do Salnés e polo tanto non estea en disposición de prestar asistencia en 5-10 minutos na vez dos 25 ou 30 se ven desde Sanxenxo, ou que xa non se active.
De novo este 2026, o PP volveu tomar a decisión de realizar o traslado, non escoitando nin a profesionais, nin a veciñanza, nin as miles de sinaturas de veciñas e veciños da comarca que foron presentadas no Parlamento Galego.
En só unha semana desde que a ambulancia non ten a súa base no hospital no Salnés xa temos as consecuencias:

- Persoa con infarto en Carril, a ambulancia desde Sanxenxo tardou arredor de 30 minutos, nada puido facer por salvarlle a vida.
- Neno de 5 anos na escola infantil de Carril que queda enganchado polo pescozo no enreixado do centro. O 061 valora que o tempo de resposta desde Sanxenxo é moi elevado e xa non activa a ambulancia de SVA, acude unha básica que traslada ao neno ao Hospital do Salnés, dado o estado grave do neno e que no hospital non hai UCI e moito menos UCI pediátrica, deciden trasladalo á UCI pediátrica do CHUS para o cal ten que vir a medicalizada desde Sanxenxo, consecuencia o neno tardou máis dunha hora máis en ser ingresado na UCI, que si fora atendido directamente pola ambulancia medicalizada.
- Nova parada cardíaca dunha persoa de 45 anos en Vilanova, de novo o elevado tempo de resposta da ambulancia desde Sanxenxo, fai que o 061 desestime activala, resolve que acuda o helicóptero con base en Santiago, logo de comprobar que hai importantes bancos de néboa, deciden que non siga e deciden finalmente activar a ambulancia medicalizada, chega case unha hora despois, tampouco se puido facer nada pola vida

deste veciño.

A veciñanza do Salnés ten acendidas as alarmas porque ven como a súa saúde e vida está en risco diante dunha emerxencia, non é un risco potencial, é real, como infelizmente acabamos de comprobar en só unha semana. Que se produza un accidente ou se produza unha emerxencia é irremediábel, que unha persoa non sexa atendida ou morra por falta de atención é evitábel e a Xunta ten que dispoñer dos medios para prestar a atención.
Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o prognóstico e a supervivencia, pode marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal.
É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:
1.- Instar ao goberno Galego e á Consellaría de Sanidade a incluír no vindeiro concurso da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre unha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, SVA, para atender o aumento da demanda derivada da alta afluencia de persoas que nos visitan, nos concellos de Sanxenxo e O Grove durante os meses de verán.
No inmediato:
2.-Manter a ambulancia medicalizada, SVA, no hospital do Salnés os 12 meses do ano.
3.- Reforzar con outra ambulancia medicalizada, SVA, na época estival, as zonas de alta afluencia de visitantes de Sanxenxo e O Grove
4.- Dotar as ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA) que só teñen un técnico na actualidade, con dous.
5.- Rectificar a decisión de utilizar a ambulancia medicalizada do 061 con base no Hospital do Salnés para realizar traslados entre hospitais, salvo casos excepcionais, xa que deixa descuberta á poboación da comarca sen atención durante horas.
6.- Realizar os traslados intercentros coa UVI móbil destinada a este fin con base no propio hospital do Salnés, que conta con material, persoal técnico así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas para tal fin.
7.- Manter a ambulancia de Soporte Vital, SVB, durante 12 horas de Vilagarcía durante todo o ano, non só no verán.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para que a ambulancia medicalizada esté todo o ano no Hospital do Salnés e reforzar os concellos de Sanxenxo e O Grove con outra ambulancia medicalizada nos meses de verán.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:
VOTACIÓN.-Doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1), e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ó grupo político muncipal do PP (9)
ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:
1.- Instar ao goberno Galego e á Consellaría de Sanidade a incluír no vindeiro concurso da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre unha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, SVA, para atender o aumento da demanda derivada da alta afluencia de persoas que nos visitan, nos concellos de Sanxenxo e O Grove durante os meses de verán.
No inmediato:

2.-Manter a ambulancia medicalizada, SVA, no hospital do Salnés os 12 meses do ano.
3.- Reforzar con outra ambulancia medicalizada, SVA, na época estival, as zonas de alta afluencia de visitantes de Sanxenxo e O Grove
4.- Dotar as ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA) que só teñen un técnico na actualidade, con dous.
5.- Rectificar a decisión de utilizar a ambulancia medicalizada do 061 con base no Hospital do Salnés para realizar traslados entre hospitais, salvo casos excepcionais, xa que deixa descuberta á poboación da comarca sen atención durante horas.
6.- Realizar os traslados intercentros coa UVI móbil destinada a este fin con base no propio hospital do Salnés, que conta con material, persoal técnico así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas para tal fin.
7.- Manter a ambulancia de Soporte Vital, SVB, durante 12 horas de Vilagarcía durante todo o ano, non só no verán.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=8
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG PSOE, PARA QUE SE GARANTA DE MANEIRA PERMANENTE UNHA AMBULANCIA DE SOPORTE VITAL AVANZADO NO HOSPITAL DO SALNÉS DURANTE TODO O ANO.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servicios Socialis e Igualdade en sesión celebrada o día 27 de xullo de 2026, do seguinte teor literal:
Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 22 de xullo de 2026, do seguinte teor:
Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
O obxecto desta moción é expresar a profunda preocupación pola retirada continuada, durante os meses de verán, da ambulancia asistencial de soporte vital avanzado, denominada popularmente como “ambulancia medicalizada”, con base no
Hospital do Salnés, sendo trasladada durante estes meses ao concello de Sanxenxo.
O traslado da ambulancia medicalizada vén realizándose de maneira habitual cada período estival, entre o 1 de xullo e o 31 de agosto, co obxectivo de reforzar a atención sanitaria nunha zona que experimenta un importante incremento de poboación durante os meses de verán, retirándoa da súa sede habitual no Hospital do Salnés e alonxándoa de concellos, como o de Vilagarcía de Arousa, que tamén viven un importante incremento poboacional.
Este Grupo entende a necesidade de reforzar os recursos sanitarios nas áreas con maior presión asistencial estacional, xa que os servizos préstanse ás persoas e non aos territorios. Non obstante, consideramos que ese reforzo non debe supoñer a diminución da capacidade de resposta ante emerxencias graves na comarca do Salnés nin, especialmente, na súa cabeceira comarcal. Ademais, a nosa cidade está declarada como Municipio Turístico, por Turismo de Galicia, dado a importante presencia de persoas que visitan a nosa cidade.
Vilagarcía de Arousa concentra unha parte moi significativa da poboación da comarca, dispón do principal hospital comarcal e actúa como nó de comunicación e referencia asistencial para miles de persoas. A retirada da ambulancia medicalizada da súa base natural implica un incremento dos tempos de resposta en situacións críticas nas que cada minuto resulta determinante.

Ademais, cómpre lembrar que o Hospital do Salnés é o centro hospitalario de referencia da comarca e que a ambulancia medicalizada forma parte esencial do dispositivo de atención ás emerxencias vinculado a este hospital.
Porén, próponse ao Pleno da Corporación municipal a aprobación dos seguintes acordos:
Solicitar á Xunta de Galicia que corrixa a súa posición e garanta de maneira permanente a presenza dunha ambulancia de soporte vital avanzado no Hospital do Salnés durante os doce meses do ano.
Reclamar que, dado que o incremento poboacional require de medidas extraordinarias no período estival, se dote dun servizo de transporte sanitario de urxencias extraordinario na zona que mellor consideren os técnicos do SERGAS, de cara a ofrecer unha cobertura sanitaria mellor, sen retirar os medios existentes do Hospital do Salnés, de xeito urxente e inmediato.
Defender unha planificación sanitaria baseada en criterios de equidade territorial, poboación atendida, tempos de resposta e seguridade dos pacientes, garantindo unha cobertura adecuada para todos os concellos do Salnés.
Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, para que se garanta de maneira permanente unha ambulancia de soporte vital, avanzado no Hospital do Salnés durante todo o ano.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:
VOTACIÓN.-Doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1), e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ó grupo político muncipal do PP (9)
ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE e:
- Solicitar á Xunta de Galicia que corrixa a súa posición e garanta de maneira permanente a presenza dunha ambulancia de soporte vital avanzado no Hospital do Salnés durante os doce meses do ano.
- Reclamar que, dado que o incremento poboacional require de medidas extraordinarias no período estival, se dote dun servizo de transporte sanitario de urxencias extraordinario na zona que mellor consideren os técnicos do SERGAS, de cara a ofrecer unha cobertura sanitaria mellor, sen retirar os medios existentes do Hospital do Salnés, de xeito urxente e inmediato.
- Defender unha planificación sanitaria baseada en criterios de equidade territorial, poboación atendida, tempos de resposta e seguridade dos pacientes, garantindo unha cobertura adecuada para todos os concellos do Salnés.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=9
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A PERMANENCIA DA AMBULANCIA DE SOPORTE VITAL AVANZADO NO HOSPITAL DO SALNÉS TODO O ANO.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servicios Socialis e Igualdade en sesión celebrada o día 27 de xullo de 2026, do seguinte teor literal:
Dáse conta da moción presentada polo grupo político muncipal do PP, coa data de 22 de xullo de 2026, do seguinte teor:
MOCIÓN PARA A PERMANENCIA DA AMBULANCIA DE SOPORTE VITAL AVANZADO NO

HOSPITAL DE O SALNÉS TODO O ANO
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comarca do Salnés experimenta cada verán un incremento exponencial de poboación, mobilidade e actividade; unha realidade que afecta de maneira singular a Sanxenxo, que pasa de 18.000 a máis de 100.000 habitantes, pero tamén a Vilagarcía e os demais concellos da comarca, con máis desprazamentos, celebracións multitudinarias e maior demanda potencial de atención urxente.

Desde o ano 2019, O Salnés dispón dunha ambulancia asistencial de soporte vital avanzado (SVA) durante os doce meses do ano, con base permanente no Hospital do Salnés, agás nos mes de xullo e agosto, nos que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 decide, con criterios técnicos, desprazar temporalmente a base desa unidade a Sanxenxo, desde onde mantén a cobertura para o conxunto dos municipios do Salnés.

Cómpre lembrar que ata o ano 2019, os recursos dunha ambulancia de SVA nesta comarca só se incorporaban no período estival e tiñan a súa base en Sanxenxo, co que a dotación do servizo anual impulsado pola Xunta de Galicia supuxo unha mellora estrutural na cobertura e asistencia das urxencias e emerxencias.

Desde o Partido Popular de Vilagarcía de Arousa entendemos a necesidade de reforzar os recursos sanitarios nas áreas con maior presión asistencial estacional, xa que os servizos préstanse ás persoas e non aos territorios, pero non renunciamos a manter unha posición esixente, coherente, viable e compatible coa planificación técnica do 061. É dicir, entendemos que defender o rigor técnico non significa conformarse.

A pesares de coincidir no fondo da cuestión, nas últimas semanas resultou imposible promover unha posición común de todas as forzas políticas representadas nesta Corporación Municipal para construír unha reivindicación conxunta.

Limitarse a explotar a controversia non axuda a achegar ningunha solución. Vilagarcía necesita menos escenificación política e máis diálogo e capacidade de acordo.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía de Arousa propón a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Solicitar á Xunta de Galicia que valore a dotación dunha segunda ambulancia asistencial de soporte vital avanzado no Salnés durante os meses de xullo e agosto, de forma que o reforzo noutras localidades motivado polo aumento exponencial da poboación non implique o desprazamento temporal da unidade con base habitual no Hospital do Salnés.

2. Instar á Consellería de Sanidade e á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 a manter unha planificación da atención urxente no Salnés baseada en criterios clínicos e técnicos obxectivos, garantindo a equidade territorial, a seguridade dos pacientes e os mellores tempos de resposta posibles en todos os concellos da comarca.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a permanencia da ambulancia de soporte vital avanzado no Hospitaldo Salnés todo o ano.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PP (9), once votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2), e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioria, rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a permanencia da ambulancia de soporte vital avanzado no Hospital do Salnés todo o ano.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=10
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, PARA DECLARAR PERSOA NON GRATA AO CONSELLEIRO DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA.**- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servicios Socialis e Igualdade en sesión celebrada o día 27 de xullo de 2026, do seguinte teor literal:
Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU, coa data de 16 de xullo de 2026, do seguinte teor:
MOCIÓN MOCIÓN PARA DECLARAR PERSOA NON GRATA AO CONSELLEIRO DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA
O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción
Exposición de Motivos.
O Concello de Vilagarcía de Arousa non pode permanecer en silencia ante unha decisión da Consellería de Sanidade que supón un grave risco para a seguridade a atención e a vida das persoas de Vilagarcía.
A retirada da ambulancia medicalizada que prestaba servizo en Vilagarcía para o seu traslado a outro municipio constitúe unha decisión política que aumenta as posibilidade de morte as persoas que sufran unha emerxencia en Vilagarcía e demostra que para a Xunta é mais importante preservar a seguridade e a vida dos turistas maioritariamente madrileños de Sanxenxo, que a seguridade e a vida das persoas de Vilagarcía.
Cada minuto resulta determinante cando se produce unha parada cardiorrespiratoria, un ictus, un infarto ou calquera situación de risco vital. Reducir os recursos dispoñibles en Vilagarcía significa aumentar os tempos de resposta e asumir un risco innecesario para miles de veciños e veciñas, así como dos que se desprazan ao noso municipio, persoas que para a Xunta logo desta decisión parecen ser tratadas como persoas de segunda categoría.
Resulta especialmente inaceptable que o reforzo dos recursos sanitarios doutros concellos se realice a costa de retirar medios imprescindibles de Vilagarcía. A sanidade pública debe garantir a igualdade entre todos os cidadáns e non establecer territorios de primeira e de segunda mediante decisións que restan servizos a uns para beneficiar a outros.
Lonxe de rectificar, o Conselleiro de Sanidade desprazouse a Vilagarcía para manifestar publicamente que a Xunta de Galicia non ten intención de repoñer a ambulancia retirada, desatendendo así a reclamación unánime da cidadanía, dos profesionais sanitarios, das entidades sociais e da maior parte das forzas políticas da cidade.
Esta actitude supón unha profunda falta de respecto institucional cara a Vilagarcía de Arousa e evidencia unha absoluta falta de sensibilidade coa preocupación dunha cidadanía que ve como se pon en risco a súa seguridade e o seu dereito a unha asistencia sanitaria de calidade.
O máximo responsable político desta decisión é o Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, quen asumiu expresamente a defensa desta medida e da negativa a rectificala.
POR TODO ISTO PROPOÑEMOS AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:
Primeiro. O Concello de Vilagarcía declara persoa non grata ao Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, como máximo responsable político da decisión de retirar a ambulancia medicalizada de Vilagarcía de Arousa e da súa negativa pública a restituír este recurso sanitario esencial.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
A persoa representante do grupo político municipal de EU informa favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se

manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
As persoas representantes do grupo político municipaL do PP informan desfavorablemente.
En consecuencia e por maioría infórmase desfavorablemente a moción presentada polo grupo político municipal de EU, para declarar persoa non grata ao Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Tres votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (2) e EU (1), , nove abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (9) e nove votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipa do PP (9)

ACÓRDASE: Por maioria, rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de EU para declarar persoa non grata ao Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=11
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas,o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=13
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**14.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**
Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=14
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 20:00 horas, auséntanse da sesión D. David Higinio Oliveira Barreiro e D. Juan Manuel Fajardo Recouso.

**15.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.**
Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=15
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**.
Non se presentaron.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=16
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**17.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**.
Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as formúlanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=17
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**
Por parte das persoas que asisten como público á sesión formúlanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260730&punto=18
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.